



CEIP Plurilingüe Álvaro Cunqueiro Mora

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP Plurilingüe "ÁLVARO CUNQUEIRO MORA"

Código do Centro: 27006954

Tipo de Centro: Colexio Público de Educación Infantil e Primaria

Enderezo: Avda Bos Aires, 19

Teléfono: 982870553

Localidade: Mondoñedo

C.P.:27740

Concello: Mondoñedo

Provincia: Lugo

Correo Electrónico: ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcunqueiro>

Número de alumnado: 185 alumnos/as, deles 54 son de Educación Infantil e 131 de Educación Primaria.

Profesorado: 18 docentes, dos cales 3 son compartidos con outros centros.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Mondoñedo é un concello situado no Noroeste da provincia de Lugo, na Mariña Lucense, sobre o val do río Masma e os seus afluentes Valiñadares e Cesuras, delimitado por Foz ao Norte; Lourenzá ao Leste; Riotorto, Pastoriza e Abadín ao Sur; Abadín e Alfoz ao Oeste.

A súa extensión é de 142,7 quilómetros cadrados.

A poboación de Mondoñedo atópase distribuída nas parroquias de Argomoso, Lindín, Santa María Maior, O Carme, Coubeira, Figueiras, Oirán, Masma, Viloalle, Vilamor, Santiago, Os Remedios, San Vicente, Sasdónigas.

Mondoñedo é cabeza de partido xudicial e de diocese, posúe un forte sector de servicios que ocupa unha importante parte da poboación. A economía mindoniense baséase fundamentalmente no sector servizos e dos sectores gandeiro e agrícola sobre todo no ámbito rural, aínda que o turismo estase a potenciar como unha fonte de ingresos. Ten ademais canteiras de pizarra e pedra; a forxa, o ferro, a cantería, e a olería seguen a ser oficios artesanais da zona.

É evidente un descenso da natalidade, aínda que, por outra banda, é unha característica común á maioría dos concellos de Galicia.

A maioría das vivendas do concello son de tipo unifamiliar, tendo Mondoñedo un importante casco urbano, declarado Conxunto Histórico-Artístico pola Xunta de Galicia no ano 1985. Recentemente o feito máis relevante foi o recoñecemento por parte de

UNESCO do Camiño Norte, que pasa por Mondoñedo, como PATRIMONIO MUNDIAL. Este feito esperamos que poida supor un relanzamento para a economía mindoniense.

Algúns dos servizos cos que conta o Concello son : Centro de Saúdo (inclúe PAC), Asistentía Social, Casa da Cultura, Casa da Xuventude, Biblioteca Municipal, Escola Municipal de Música, Pavillón de Deportes, Piscina Municipal, Auditorio, CIM, Xulgados, Servizo de Extensión Agraria, Tesourería da Seguridade Social, Rexistro da Propiedade, Notaría, Gardería Municipal, Centro de Atención Temperá...

É unha cidade eminentemente administrativa. Posúe un forte sector servizos que ocupa a unha importante parte da poboación. Aínda que a economía mindoniense destaca sobre todo polo aproveitamento do sector primario (gandaría e agricultura), mediante pequenas explotacións familiares.

Aínda que os oficios artesanais foron perdéndose a favor do desenvolvemento industrial, a forxa, o ferro, a cantería, e a alfaría continúan sendo oficios artesanais destacables na zona. Habendo no barrio dos Muíños diversos artesanais poñendo en alza este sector. Outra fonte de ingresos para economía mindoniense nestes últimos anos é o Turismo e desde a declaración de Patrimonio da Humanidade, pola Unesco, do Camiño Norte aumentou en número o paso de peregrinos pola nosa cidade que se une aos visitantes xa existentes.

A relación do Plan Dixital cos diferentes plans e proxectos do centro é moi estreita.

- Plambe: Realizaranse actividades conxuntas nas que as tecnoloxías sexan un apoio para o recuncho STEM da biblioteca.
- Edixgal: Existirá unha coordinación entre ambos plans con respecto ao uso da tecnoloxía nos cursos de 5º e 6º de educación primaria, así como na formación do profesorado de respectivos cursos.
- Club de Ciencia: Colaboración para as distintas actividades que requiran o uso conxunto da tecnoloxía e a ciencia.
- Programación Xeral Anual (PXA) do curso 22/23: Esta relación é directa xa que as actividades dixitais propostas estarán recollidas na PXA.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A metodoloxía utilizada neste proceso foi o traballo colaborativo, a mellor maneira de sacar un bo proveito ao traballo en grupo. Non se repartiu o traballo senón que houbo unha preparación individual, pero para a realización do traballo en colaboración.

A organización dos recursos humanos foi en grupo, en pequeno grupo, xa que somos poucos docentes neste equipo. Organizamos o noso traballo nas horas do curso de formación e traballo posterior, adecuándonos ás docencias, e guiados polos coordinadores adix e pola coordinadora do CFR.

Os recursos materiais foron os nosos propios dispositivos.

Intentamos coordinar a liña PFPP co cronograma que nos proporcionaron os coordinadores adix.

Novembro 2021: Rede DixitalGal

Decembro 2021: SELFIE

Febreiro 2022: Test CDD

Marzo 2022: DAFO

Abril-Maio 2022: Deseño do Plan de acción e información para consenso do claustro.

Xuño 2022: Plan Dixital

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:
No centro dispoñemos de fibra óptica e a conectividade é boa tanto por conexións cableadas como sen fíos. O centro está equipado con fío musical e megafonía.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
 - Todas as aulas dispoñen de un ordenador e un canón proxector.
 - 3 aulas dixitalizadas (equipamento abalar)
 - 5º e 6º de Educación Primaria con proxecto E-Dixgal, polo que todo o alumnado e profesorado que incide neses niveis conta con equipamento informático.

- 4 equipos de xestión e administración que se corresponden cos despachos de dirección, xefatura de estudos e secretaría.
- Uso na biblioteca, dispoñemos dun ordenador, unha impresora e un canón proxector, PDI, impresora 3D, 2 tabletas e unha mesa de luz.
- Un equipo para uso na sala de profesorado
- Un equipo para o departamento de orientación
- Un ordenador portátil para uso compartido
- Aula de informática moi deficiente que conta cun ordenador portátil, un canón proxector e PDI. Os ordenadores de sobremesa están obsoletos.
- Servizos dixitais educativos: O centro conta cunha páxina web totalmente actualizada, aula virtual , E-Dixgal, espazoAbalar e Abalarmóbil.
- Servizo Premium Edixgal, Asesor Siega e servizo externo para mantemento dos equipos informáticos.
- Enlaces:
 WEB DO CENTRO: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcunqueiro>
 AULA VIRTUAL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcunqueiro/aulavirtual/>
 PLAN COVID DO CENTRO PLAN DE ACOLLIDA E CONTINXENCIA: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcunqueiro/?q=node/431>
 BLOG DA BIBLIOTECA: <http://biblioceipcunqueiro.blogspot.com/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Áreas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Directivo	3
	Profesorado	2.1
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	4.4
	Profesorado	2.5
	Alumnado	3.4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3.6
	Profesorado	3.2
	Alumnado	4.1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4.9
	Profesorado	2.9
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4.3
	Profesorado	3.7
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3
	Profesorado	3.2
	Alumnado	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	1.8
	Profesorado	2.4
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.6
	Profesorado	2.9
	Alumnado	4.1

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	13	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
96.6	Integrador/a B1	76.4	Integrador/a B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	98.5	Experto/a B2	66.2	Integrador/a B1
Pri	99.9	Experto/a B2	77.3	Integrador/a B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	5.9 %
B1	11	64.7 %
B2	3	17.6 %
C1		
C2	2	11.8 %
TOTAL	17	100 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Bo servizo técnico Amtega, UAC, servizo técnico de E-Dixgal e servizo técnico externo. - Rede internet é moi funcional. 	<ul style="list-style-type: none"> - Necesidade dunha mellor infraestrutura (dispositivos) dixital para o desenvolvemento das tecnoloxías (Equipo directivo e profesorado).
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Foméntase a exploración de novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixital (equipo directivo). - Realízase unha avaliación de vantaxes e desvantaxes en tecnoloxías dixitais (equipo directivo). - Favorécese o acceso á información sobre formacións de tecnoloxías dixitais e intercambios de experiencias dixitais entre o profesorado (equipo directivo). - Utilízanse as tecnoloxías dixitais para a obtención de recursos en contornos virtuais controlados que favoreza o proceso ensino- aprendizaxe e para a relación entre a comunidade educativa (equipo docente e profesorado). - Adáptase a metodoloxía ás necesidades do alumnado (equipo, profesorado e alumnado). - Foméntase a creatividade a través das aprendizaxes dixitais (profesorado). - Poténciase un uso seguro da internet (equipo directivo, alumnado e profesorado). - Foméntase a busca de información de fontes válidas e fiables (equipo directivo, profesorado e alumnado). - Considérase que se ensina ao alumnado a valorar os traballos que poidan atopar por internet e a crear contidos dixitais (equipo directivo). - Adopción da tecnoloxía (STIC): a maioría do profesorado comeza a usar as 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta no centro unha estratexia dixital e o desenvolvemento da mesma (equipo directivo e profesorado) - O profesorado non se sente apoiado polo equipo directivo en probar novas tecnoloxías (profesorado). - Non se realiza unha avaliación de vantaxes ou desvantaxes en tecnoloxías dixitais (profesorado e alumnado). - Necesidade dunha comunicación máis intensa e extensa sobre as experiencias e formacións dixitais (profesorado). - Necesidade de que o profesorado implemente tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade e motivación do alumnado (Equipo directivo). - Non se utilizan tecnoloxías dixitais para a colaboración entre o alumnado (profesorado). - Non se fomentan os proxectos interdisciplinares (profesorado). - Non se están utilizando as tecnoloxías dixitais para reflexionar sobre a evolución do proceso ensino - aprendizaxe (equipo directivo e profesorado). - Non se ensina ao alumnado a valorar os traballos que poidan atopar por internet nin a crear contidos dixitais (profesorado). - Non son útiles as visitas de estudio, programas acreditados, nin as redes

	<p>tecnoloxías ao mesmo tempo que o resto dos compañeiros/as (equipo directivo). - Cómtese con E- Dixgal para o uso da tecnoloxía dentro do centro (equipo directivo). - O profesorado manexa con seguridade as tecnoloxías para a preparación, impartición, retroalimentación e comunicación nos proceso de ensino-aprendizaxe (SMT 1, 2, 3, 4 – Profesorado). - Interesa a formación mediante cursos, seminarios, conferencias en liña, asemade actividades formativas no centro onde o profesorado sexa un docente do mesmo ou unha persoa formadora externa (DPC 1, 2, 3, 5, 6 - Profesorado). - Nivel acadado co Test CDD a nivel centro é un Integrador B1 con puntuacións por encima da media de Galicia.</p>	<p>de profesorado ou comunidades de prácticas (DPC 4, 7, 8 - Profesorado).</p>
PERSOAL NON DOCENTE	<p>- Boa disposición do conserxe para realizar calquera tarefa relacionada coas actividades dixitais.</p>	<p>- Necesidade de mellorar a formación dixital básica do persoal de cociña.</p>
ALUMNADO	<p>- Boa disposición para utilizar e aprender as tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento (TAC)</p>	<p>- Non se utilizan tecnoloxías dixitais para a colaboración entre o alumnado (profesorado e alumnado).</p>
FAMILIAS	<p>- Existen canles fluídas de comunicación coas familias.</p>	<p>- Pouco control (por deixadez ou por descoñecemento) do uso dos dispositivos e da internet. - Apenas emprega a tecnoloxía dixital para a aprendizaxe fóra do centro (UTIC 3 – Alumnado).</p>
OFERTA	<p>- Obradoiro de informática ofertadas pola ANPA.</p>	<p>- Non existe formación dixital nos cursos 1º, 2º, 3º e 4º como formación previa para os cursos posteriores 5º e 6º nos que terán E-Dixgal.</p>

	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Envío de convocatorias e actas de maneira dixital a través do correo da xunta. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non uso de Aula Virtual ou Agueiro para elaborar documentos entre mestres/as e compartir documentos. - Necesidade de crear un banco de recursos dixitais.
--	-------------------------------	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Facílitate unha boa rede de internet, así como dispositivos E- Dixgal para facer uso das tecnoloxías dixitais (equipo directivo, profesorado e alumnado). - Oportunidades de formación para o profesorado (equipo directivo e profesorado). - O alumnado ten dispositivos dixitais para o seu uso fóra do centro (AFC 1 e 2 – Alumnado). - Ofrécese unha boa asistencia técnica (equipo directivo, profesorado e alumnado). 	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado non comeza a usar a tecnoloxía ata que o fan a maioría dos docentes (ATIC – Alumnado). - Formación en E-Dixgal moi tardía, xa que comeza máis tarde do que comeza o curso.
	LEXISLACIÓN	<p>Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan as instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. -Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022. - Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. - Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria. - DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. - Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, por el que se</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Lexislación moi afastada da realidade dos centros educativos. - Dificultade na implementación da lexislación.

		establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil. - DECRETO 330/2009, de 4 de junio, por el que se establece el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia.	
	CONTORNA	- Colaboración Concello (madrugadores, escolas deportivas). - Oferta de campamentos urbanos.	- Existe pouca coordinación cos servizos externos como Atención Temperá, Centro de Menores, Servizos Sociais.
	ANPA	- Realización de obradoiros de informática como actividade extraescolar.	- Formación para nais e pais sobre os problemas no uso da internet.
	OUTRAS ENTIDADES		- Non existe convenio con outras entidades.

3. Plan de Acción

O Plan de acción é a sinalización dos obxectivos que queremos alcanzar para o próximo curso con respecto ao Plan Dixital.

Para elaboralo tívose en conta o Informe DAFO e os recursos dixitais e humanos que existen neste momento no centro.

Faremos fincapé en sacar partido aos recursos existentes, pero tamén na necesidade de renovación dos equipos dixitais do centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO, é dicir da análise e reflexión sobre as fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades, establecemos uns obxectivos SMART.

Son obxectivos SMART aqueles que son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal. Estes obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Cada obxectivo proposto explícase de forma detallada nunha táboa. **Esta** mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan. Nas táboas poderemos ver a información sobre o obxectivo en canto a: obxectivo, indicadores do obxectivo, responsables para a consecución do obxectivo, valor de partida, valor previsto e data, descrición das diferentes liñas de acción, data prevista de fin de cada liña, recursos e valoración da acción.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades do centro son:

- Equipos para a aula de informática.

Son necesarios equipos informáticos nesta aula para que o alumnado poida ir e realizar tarefas e actividades para desenvolver as súa competencia dixital. Na actualidade non se pode facer uso deles por estar obsoletos.

- Equipos para as aulas de educación infantil e algúns de educación primaria.

Son necesarios equipos informáticos para as aulas de educación infantil porque os que hai están obsoletos e non deixan facer un bo uso deles. Ademais, quédanse "colgados" e perden conexión á rede constantemente.

Nas aulas de primaria que non están en proxecto E- Dixgal tamén existen algúns equipos con deficiencias no seu funcionamento.

- Equipos para a biblioteca escolar.

Son necesarios equipos para a biblioteca para que o alumnado poida utilizalos para por exemplo: buscar información sobre libros, realizar tarefas de investigación, facer lecturas en liña, para facer bo uso do recuncho STEM, etc.

- Equipos para a sala de profesorado.

Son necesarios equipos para a sala de profesorado para que así os/as docentes podan utilizalos para a procura e realización de materiais, elaboración de materiais manipulabéis (creando, imprimindo, plastificando...), coordinación interna entre docentes e relación coas familias e/ou titores/as.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestruturas e equipamentos						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar o equipamento de educación infantil				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de ordenadores renovados.					
Valor de partida (3)	4 ordenadores antigos					
Valor previsto e data (4)	3 ordenadores renovados no curso 2022/2023			Curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Utilizar presuposto conseguido nun proxecto.	Equipo directivo e equipo docente de educación infantil.	1º Trimestre 2022/2023	Orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar a AMTEGA substitución de ordenadores	Equipo directivo	Curso 2022/2023	Canle de comunicación con AMTEGA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Buscar organismo externo que colabore.	Equipo directivo	Curso 2022/2023	Asociacións, organismos e empresas da contorna.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestruturas e equipamentos						
2. OBXECTIVO (1):	Mellorar o material informático de educación primaria.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Material informático renovado.					
Valor de partida (3)	3 aulas con material informático antigo					
Valor previsto e data (4)	3 aulas con material informático renovado no curso 2022/2023			Curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Utilizar orzamento do centro	Equipo directivo	Curso 2022/2023	Orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar a AMTEGA substitución de ordenadores	Equipo directivo	Curso 2022/2023	Canle de comunicación con AMTEGA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Buscar organismo externo que colabore.	Equipo directivo	Curso 2022/2023	Asociacións, organismos e empresas da contorna.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Persoal docente						
3. OBXECTIVO (1):	Formación en cursos de material dixital para mellorar a creatividade e motivación do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC e equipo docente.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Tanto % de docentes que participan na formación.					
Valor de partida (3)	30% de docentes que participan na formación.					
Valor previsto e data (4)	60% de docentes que participarán na formación.			Curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Oferta de cursos de metodoloxías activas.	Equipo TIC	Primeiro trimestre do curso 2022/2023	Fprofe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Oferta de cursos de elaboración de materiais e metodoloxías activas no centro.	Equipo TIC e Departamento de Orientación	Primeiro trimestre do curso 2022/2023	PFPP, asociacións e organizacións da contora.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Promover a formación do equipo docente.	Equipo directivo, equipo TIC, Departamento de Orientación	Curso 2022/2023	Recopilación de formacións e divulgación das mesmas a través dos canles de comunicación entre profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Persoal docente						
4. OBXECTIVO (1):	Espazo Abalar				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, equipo TIC, equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Tanto % de docentes que utilizan Espazo Abalar					
Valor de partida (3)	15% de docentes utilizan Espazo Abalar.					
Valor previsto e data (4)	75% de docentes utilizarán Espazo Abalar no curso 2022/2023.			Curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Charla informativa dalgún representante do Espazo Abalar na nosa zona.	Equipo directivo, equipo TIC	1º Trimestre do curso 2022/2023	Persoa externa , aula do centro, conexión á rede, dispositivos para a parte práctica.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Apoio e axuda por parte do Equipo TIC	Equipo TIC	Curso 2022/2023	Cooperación e colaboración do equipo TIC co resto de docentes.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para obxectivo

"Área/s de mellora": Familias							
5. OBXECTIVO (1):	Formación ás familias no uso dos dispositivos dixitais e nos riscos do mal uso dos mesmos.				Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo e Equipo TIC.				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de formacións. Tanto % de familias participantes.						
Valor de partida (3)	0 formacións 0 familias participantes						
Valor previsto e data (4)	1 formación e a participación do 25% das familias			Curso 2022/2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Plan Director	Equipo Directivo	1º Trimestre do curso 2022/2023	Plan Director			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Propoñer á ANPA a organización da formación.	Equipo Directivo	1º Trimestre do curso 2022/2023	ANPA, organizacións, asociacións, profesionais relacionados coas redes.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Oferta por parte doutros organismos e asociacións.	Equipo directivo, equipo docente.	Curso 2022/2023	Asociacións, entidades, organismos e Concello.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Organización de centro						
6. OBXECTIVO (1):	Crear un banco de recursos na Aula Virtual do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC, equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	3 recursos por docente					
Valor de partida (3)	0 recursos					
Valor previsto e data (4)	3 recursos por docente			Curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaborar un espazo na AV para crear o banco de recursos.	Equipo TIC	Setembro- outubro 2022	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Implementar o banco de recursos	Equipo docente	Curso 2022/2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Para a comprobación do grao de cumprimento deste plan realizarase unha avaliación procesual e unha avaliación final.

Na avaliación procesual, que se realizará trimestralmente, reflexionarase sobre as accións realizadas ata ese momento, o grao de consecución do obxectivo e de ser o caso realizaranse as propostas de mellora necesarias.

Na avaliación final, que se realizará a finais do curso 2022/2023, valorarase o logro dos obxectivos propostos e, de ser o caso, as melloras introducidas. Esta avaliación tamén servirá como punto de partida para o seguinte Plan Dixital 2023/2024.

Exemplo de rúbrica de avaliación para as liñas de acción propostas, utilizarase a mesma tanto nas avaliacións procesuais como na final:

Modelo de rúbrica para seguimento e avaliación do Plan de Acción establecido no Plan Dixital:					
AVALIACIÓN:		DATA DA AVALIACIÓN:	OBXECTIVO:	Acadado	
SUMATIVA				Non acadado	
FINAL					
DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN A AVALIAR:	SEGUIMENTO DA ACCIÓN A AVALIAR:				
	VALORACIÓN DA ACCIÓN:	ESTADO DA ACCIÓN:			
(Item que se quere avaliar dos expostos nos cadros dos obxectivos)		Realizada			
		Aprazada			
		Pendente			
(Item que se quere avaliar dos expostos nos cadros dos obxectivos)		Realizada			
		Aprazada			
		Pendente			
(Item que se quere avaliar dos expostos nos cadros dos obxectivos)		Realizada			
		Aprazada			
		Pendente			
VALORACIÓN DA IMPLICACIÓN DOS RESPONSABLES:					
PROPOSTAS DE MELLORA:					

5. Difusión do plan

Para a difusión deste plan farase unha publicación do mesmo na páxina web do centro e informarse por diferentes medios (abalar e redes sociais) a toda a Comunidade Educativa.